

CURSO 2024/2025



O curso escolar comezará o **11 de setembro de 2024**.

O primeiro día de clase establécese un horario de entrada por grupos.

Os familiares do alumnado de educación primaria **NON** poderán acceder ao patio.

ENTRADA									
INFANTIL			PRIMARIA						
4º (3 anos)	5º (4 anos)	6º (5 anos)	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
11 DE SETEMBRO	9:50 h Porta principal	09:50 h Portalón patio		9:30 h Portalón patio		9:15 h Portalón patio		9:00 h Portalón patio	
	SAÍDA								
INFANTIL			PRIMARIA						
4º (3 anos)	5º (4 anos)	6º (5 anos)	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
11 DE SETEMBRO	13:50 h Período Adaptación Aula	13:50 h Patio cuberto		14:00 h Patio cuberto pequeno		14:00 h Patio cuberto		14:00 h Patio cuberto pequeno	

4º de Educación Infantil: O alumnado será entregado ao titor/a na súa aula.

5º e 6º de Educación Infantil: o alumnado colocarse en fila no patio cuberto.

Educación Primaria: haberá un lugar sinalizado para cada grupo nos cadros do patio, onde o/a titor/a esperará ao seu alumnado.

Os pais/nais do alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, despois de entrar o alumnado ao patio, entrarán pola porta principal acompañados por un membro do equipo directivo e subirán ao 1º andar para levar o material escolar. Este virá nunha bolsa pechada co nome, curso e grupo, deixándoa diante da clase do seu fillo/a. Deberán incluír, ademais do material e libros indicados no listado publicado a finais do curso pasado, os libros de inglés. Todos os libros deben ter o nome posto, en letra grande, na parte superior dereita.

O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria só traerá unha libreta e o seu estoxo; o resto do material e libros traerase posteriormente de acordo coas indicacións do titor/a.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

- **Mércores 11 e xoves 12 de setembro:** unha sesión, de 9:50 h a 10:40 h.
- **Venres 13, luns 16 e martes 17 de setembro:** dúas sesións, de 9:50 h a 12:20 h.

COMUNICACIÓN XERAL DO CENTRO COAS FAMILIAS

- Utilizaranse como mecanismos de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e a plataforma Abalarmóbil.
- As familias poderán comunicarse co centro a través de:
- Teléfono: 988218441
- Correo electrónico: ceip.practicas.ourense@edu.xunta.gal

TITORÍAS

- O horario de titorías será o martes de 16:00 h a 17:00 h.
- As notificacións do titor/a coas familias realizaranse por Abalarmóbil.
- As familias xustificarán as faltas de asistencia e pedirán cita previa ao titor/a por Abalarmóbil.
- As familias deben actualizar os seus datos de contacto, notificando en secretaría os cambios que se puideran producir.